

**CEIP DO BOLO**

# **PLAN DE REFORZO**

**ANO ACADÉMICO**

**2017/2018**

## INDICE

	Páxina
1.- XUSTIFICACIÓN DO PLAN	
INTRODUCCIÓN.....	3
NORMATIVA LEGAL.....	3
2.- OBXECTIVOS .....	4
3.- DESTINATARIOS.....	6
4.- IMPLICADOS NO DESENVOLVEMENTO DO PLAN.....	7
4.1. TITORES.....	7
4.2. PROFESORADO CON HORAS DISPOÑIBLES.....	7
4.3. EQUIPO DIRECTIVO.....	8
4.4. ORIENTADORA.....	8
5.- ACTUACIÓNS DO PROFESORADO.....	9
5.1. COS ALUMNOS/AS.....	9
5.2. CAS FAMILIAS.....	9
6.- MEDIDAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS .....	10
6.1. MEDIDAS METODOLÓXICAS.....	10
6.2. MEDIDAS ORGANIZATIVAS.....	11
6.3. ACTUACIONES CONCRETAS CO ALUMNADO REPETIDOR.....	12
7.- RECURSOS HUMANOS, MATERIAS E ESPACIAIS.....	16
8.- AVALIACIÓN.....	17

## 1.- XUSTIFICACIÓN DO PLAN

### 1.1. INTRODUCCIÓN

A Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, establece entre os seus principios fundamentais, a equidade, que garanta a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación, a inclusión educativa, a igualdade de dereitos e oportunidades que axuden a superar calquera discriminación e a accesibilidade universal á educación, e que actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que se deriven de calquera discapacidade.

Así mesmo, no artigo 16 da LOMCE do capítulo II, Título I, recolle que a finalidade da educación primaria é proporcionar a todos os nenos e nenas as aprendizaxes da expresión e comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura, e o hábito de convivencia así como os de estudo e traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos/as e de preparalos para cursar con aproveitamento a ESO.

Por outro lado, deben alcanzar unha serie de obxectivos ao longo da educación Primaria e que están relacionados coas técnicas instrumentais:

- Comprender e producir mensaxes orais e escritos atendendo ás diferentes intencións e contextos de comunicación, así como comprender e producir mensaxes orais e escritas sinxelas e contextualizadas.
- Comunicarse a través de medios de expresión verbal, corporal, visual, plástica, musical e matemática, desenvolvendo o razoamento lóxico, verbal e matemático, así como, a sensibilidade estética, a creatividade e a capacidade para gozar das obras e manifestacións artísticas.
- Utilizar na resolución de problemas sinxelos os procedementos oportunos para obter a información pertinente e representala mediante códigos, tendo en conta as condicións necesarias para a súa solución.

Nesta etapa educativa poñerase especial énfase na atención á diversidade

ao alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

Neste plan tamén se recolle a resposta educativa do alumnado que non promociona de curso. A permanencia dun alumno/a nun mesmo nivel durante dous cursos consecutivos considérase unha medida ordinaria que supón para o alumno/a dispoñer dun curso máis para superar os obxectivos do nivel.

Aínda que se trata dunha medida ordinaria non deixa de representar unha fonte de ansiedade para o alumno/a repetidor, especialmente ao ter que enfrontarse a un novo grupo de clase e novo profesorado, e tamén para a familia que teme que a medida sexa máis negativa que positiva. Este alumnado precisa dunha atención específica para que non se reproduzan as mesmas condicións educativas que presumiblemente provocaron os desaxustes detectados e para reforzar ou recuperar as aprendizaxes nas que o alumno tivo dificultades.

Esta atención implica por parte do profesorado a intensificación do seguimento do traballo cotiá nas distintas materias e a información á familia da evolución do traballo do alumno/a a través dos medios dispoñibles. Implica tamén un especial seguimento da integración do alumno/a repetidor no novo grupo-clase, de ser o caso.

## 1.2. NORMATIVA LEGAL

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e promoción do alumnado que cursa Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de

Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

## 2.- OBXECTIVOS

### ✓ OBXECTIVOS XERAIS

1. Garantir un ensino de calidade que responda adecuadamente as diferenzas individuais do noso alumnado a través dunha organización con criterio.
2. Mellorar o éxito escolar ofrecendo perspectivas positivas (procura da mellora a través do fortalecemento das debilidades).

### ✓ OBXECTIVOS RELACIONADOS CO CENTRO EDUCATIVO

1. Mellorar os procesos de ensino do profesorado do centro no que se refire a planificación, coordinación e avaliación das medidas de atención á diversidade axeitadas á situación dos alumnos.
2. Mellorar os procesos de avaliación dos alumnos (inicial, de seguimento e final).
3. Optimizar a organización do centro co fin de atender á diversidade dos alumnos de forma ordinaria, o que supón planificar, coordinar e avaliar medidas de atención ás necesidades de todos os alumnos.
4. Poñer en marcha o reforzo do ensino das áreas instrumentais básicas.
5. Ampliar e incrementar a oferta das actividades dirixidas aos alumnos con dificultades de aprendizaxe.
6. Reforzar a comunicación coas familias para favorecer a adquisición de hábitos básicos de traballo.

### ✓ OBXECTIVOS COS ALUMNOS/AS

1. Favorecer o rendemento e a aprendizaxe do alumnado en situación de desvantaxe escolar por razóns persoais, sociais ou culturais.
2. Contribuír ao desenvolvemento integral do alumnado ao que se dirixe o programa, nos distintos ámbitos: físico, social, emocional, cognitivo e lingüístico.
3. Desenvolver no alumnado habilidades sociais, hábitos de traballo individual e a aprendizaxe de técnicas de estudo que conduzan ao logro da

competencia de aprender a aprender, como base para o desenvolvemento doutras competencias básicas.

4. Potenciar a aprendizaxe e o rendemento escolar destes alumnos-as mediante:
  - A adquisición de hábitos de organización e constancia no traballo.
  - A motivación cara o estudo, proponendo formas de traballo eficaces.
  - A mellora en habilidades e actitudes asociadas á lectura e escritura.
5. Mellorar a integración social dos alumnos-as no grupo e no centro.
6. Facilitar a transición dun nivel a outro.
7. Propiciar nos alumnos/as unha actitude positiva e activa cara a aprendizaxe.
8. Reforzar a autoestima persoal, escolar e social dos alumnos.
9. Facilitar o logro de aprendizaxes construtivos e significativos mellorando os seus procedementos de aprendizaxe.
10. Fomentar unha actitude responsable de organización e de constancia no traballo.
11. Implicar ás familias na posta en marcha das actuacións previstas no programa.

### 3.- DESTINATARIOS

Este programa está dirixido ao alumnado de educación primaria que se atope nalgunha das situacións seguintes:

- a) O alumnado que non promociona de curso.
- b) O alumnado que aínda promocionando de curso, non superou algunha das áreas ou materias instrumentais do curso anterior.
- c) Aquel alumnado nos que se detecten, en calquera momento do curso, dificultades nas áreas ou materias instrumentais.

Os criterios que se seguirán para a selección do alumnado son:

- Ter un grao de desenvolvemento das competencias clave que non sexa acorde co seu grupo de idade.
- Presentar dificultades de aprendizaxe nas áreas instrumentais e estímesese

que, coa axuda dun programa de intervención específico, poidan superalas. As devanditas dificultades conducen con frecuencia ao abandono da tarefa, de forma que o fracaso poida ser atribuído á falta de esforzo antes que á falta de capacidade.

- Alumnos/as que presenten falta de motivación e ausencia de estratexias de aprendizaxe axeitadas.
- Ser alumnado con dificultades de aprendizaxe cuxas familias non poden prestarlle apoio dabondo na actividade escolar.
- Ser alumnado inmigrante, pertencente a etnias ou en situación de desvantaxe social que presenten as dificultades anteriormente citadas.

A pesar de que o centro conta cun mestre itinerante en Audición e Linguaxe que acude ao centro dous días a semana, é insuficiente para satisfacer a totalidade das necesidades do centro, por iso tamén serán obxecto desta atención o alumnado de necesidades educativas especiais.

#### 4.- IMPLICADOS NO DESENVOLVEMENTO DO PLAN

Os/as mestres implicados no desenvolvemento do Plan son os titores/as, mestres con horario dispoñible para realizar apoios, o equipo directivo e a mestra especialista en Audición e Linguaxe e a orientadora do centro.

##### 4.1.- TITORES

As súas funcións en relación ao Plan de reforzo educativo son:

- Participación na selección do alumnado destinatario do programa.
- Observación dentro da aula co obxecto de identificar as necesidades educativas dos alumnos/as.
- Orientación con relación ás adaptacións metodolóxicas e organizativas da aula, así como de materiais didácticos e recursos persoais axeitados.
- Elaboración de materiais específicos co mestre/a que realiza o apoio para o proceso de ensino aprendizaxe dos nenos/as.
- Coordinación co mestre/a de apoio e orientadora do centro.
- Avaliación dos alumnos/as que inclúan a decisión sobre a conveniencia de retirada ou modificación dos apoios recibidos.
- Asesoramento e información ás familias sobre o proceso educativo dos

seus fillos/as.

Todas estas funcións están baseadas na colaboración con todos/as os profesionais implicados no plan.

#### 4.2.- PROFESORADO CON HORAS DISPONIBLES

O profesorado que non cubra o seu horario lectivo despois da súa adscrición funcional participará no desenvolvemento do Plan do seguinte xeito:

- Docencia compartida para reforzo educativo ao alumnado adscrito ao Plan.
- Apoio a outros mestres en actividades lectivas que requiran a presenza de máis dun mestre na aula.

#### 4.3.- EQUIPO DIRECTIVO

Son funcións do equipo directivo dentro do desenvolvemento do Plan de Reforzo:

- Participación na selección do alumnado destinatario do programa.
- Coordinar a participación dos distintos sectores da comunidade escolar e procurar os medios precisos para a máis eficaz execución das súas respectivas competencias.
- Elaborar a proposta do proxecto educativo do centro e da programación xeral anual, de acordo coas directrices.
- Facilitar a axeitada coordinación con todos os profesionais implicados no Plan e no centro.
- Proporcionar a información que sexa requirida polos servizos educativos competentes e pola familia.
- Coordinar as actividades de carácter académico, de orientación e complementarias de mestres e alumnos en relación co proxecto educativo, os proxectos curriculares e a programación xeral anual.
- Coordinar as tarefas dos mestres/as do centro.

#### 4.4.- ORIENTADOR/A

Son funcións do orientador/a dentro do desenvolvemento do Plan de Reforzo:

- Participación na selección do alumnado destinatario do programa.
- Colaborar na planificación e desenvolvemento do programa do Plan.



- Proporcionar criterios para a introdución dentro do Plan de medidas que axuden na atención á diversidade social e cultural do alumnado, facilitando a súa acollida, integración e participación, así como a continuidade do seu proceso educativo.
- Contribuír á óptima utilización dos recursos educativos e comunitarios.
- Elaborar e proporcionar orientacións e pautas educativas aos pais/nais/titores legais en relación coa educación dos seus fillos/as.
- Reunións de seguimento e avaliación dos profesionais implicados no centro.
- Propostas de alumnos/as para participar no plan.
- Coordinación cos profesionais implicados no centro nos que se realiza a intervención.

## 5.- ACTUACIÓNS DO PROFESORADO

Estas actuacións deberán favorecer a adquisición de contidos imprescindibles e serán alternativas ás adaptacións curriculares significativas e a outras medidas específicas de atención á diversidade.

### 5.1.-COS ALUMNOS/AS

- Actividades de ampliación e reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- Programa para mellorar as técnicas e hábitos de estudo.
- Programa para mellorar a mecánica e comprensión lectora.
- Programa en adestramento en habilidades sociais.
- Estratexias para mellorar a motivación do alumno/a.
- Estratexias para a mellora no cálculo e na resolución de problemas.
- Programas para levar a cabo unha eficaz lectoescritura.

### 5.2.- COAS FAMILIAS

Elaboraranse unhas orientacións ás familias, que se entregarán ao finalizar cada trimestre e facilítanse para que se impliquen e colaboren no proceso educativo dos seus fillos/as. Tratarán da importancia das tarefas escolares a realizar na casa, a estimulación á lectura e como axudar aos fillos/as nos estudos.

## 6.- MEDIDAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS

### 6.1. MEDIDAS METODOLÓXICAS

Actuacións dirixidas a prever ou compensar dificultades leves mediante a adecuación do currículo ordinario, sen alterar ningún dos elementos esenciais, co fin de que a diversidade do alumnado alcance as capacidades establecidas nos obxectivos xerais de nivel. Poden ser xerais ou singulares.

#### ➤ Xerais

Son o conxunto de medidas dirixidas a prever dificultades mediante a adecuación dalgún dos elementos curriculares, sen alterar a súa natureza e/ou medidas organizativas que se levan a cabo desde niveis iniciais de planificación.

Entre elas están as seguintes:

- Adecuación de obxectivos: priorizar, variar a temporalización.
- Organización de contidos en ámbitos integradores.
- Equilibrar os contidos.
- Metodoloxías que favorezan a participación de todo o alumnado
- Aprendizaxe cooperativo.
- Aprendizaxe individual.
- Fomento da participación.
- Combinar diferentes tipos de actividades: traballo individual, exposición, busca de información, traballo en grupo...
- Desenvolvemento de estratexias que favorezan a autonomía na aprendizaxe.
- Incluír a elaboración de materiais curriculares diversos.
- Variar os tempos, as formas e os instrumentos de recollida de información.
- Reforzar o relativo a valores ou a determinadas capacidades de tipo afectivo.
- Reflexionar sobre os procesos de ensinanza por parte do profesor: adecuación, re axuste...

- Establecer unha clara relación entre os obxectivos de cada área e as capacidades da etapa.
- Dispoñer dunha aula como fonte de recursos diversificados e adaptados ás necesidades do alumnado.
- Reunións periódicas do equipo docente. Seguimento dos casos e intervención cando a situación o aconselle.

#### ➤ Singulares

Conxunto de medidas dirixidas a prever e/ou compensar dificultades, mediante modificacións organizativas e/ou de elementos curriculares, sen alterar ningún dos elementos prescriptivos do currículo:

- Medidas de ampliación e profundización.
- Actividades de recuperación e reforzo.

## 6.2. MEDIDAS ORGANIZATIVAS

**Modalidade do reforzo:** É aconsellable que se leve a cabo dentro da aula ordinaria porque:

- Resulta normalizador e crea un clima positivo de cooperación, favorecendo as relacións interpersoais.
- Permite aproveitar mellor os recursos e os materiais.
- É posible que xere na aula un novo estilo de ensinanza, máis dinámico, participativo e aberto.
- Favorece a coordinación, a elaboración conxunta de material adaptado e facilita a toma de decisións.

Segundo o momento en que se leva a cabo e os contidos que se abordan, o reforzo pode ser:

- a) Previo á actividade.** É o que lle anticipa ao alumno/a algo do que se vai facer despois na aula para facilitarlle o seguimento e a participación nas actividades de ensinanza-aprendizaxe: vocabulario novo, conceptos básicos, consignas de traballo, etc.

- Pode resultar especialmente aconsellable para o alumnado con problemas de audición ou con escasas competencias lingüísticas.
- Permite adiantarse ás necesidades dos alumnos-as, reforza a súa autoestima e axúdalle a seguir a clase de forma máis cómoda e proveitosa.
- Facilita o labor do profesor-a de aula, a elaboración conxunta do material e o desenvolvemento do currículo ordinario.

**b) Posterior á actividade.** É o que se presta ao alumno/a despois das actividades da aula, como reforzo destas.

- Axústase máis ás necesidades individuais, respecta os ritmos de aprendizaxe e pode reducir a ansiedade do alumno-a durante a clase.
- Non require tanto esforzo de planificación e coordinación

**c) Simultáneo á actividade.** É o que se presta de forma paralela ás actividades da aula, xeralmente nas mesmas áreas que están traballando na clase, pero con contidos, recursos, metodoloxía e que pode ter adaptacións para axústalos ás súas necesidades.

- Favorece a adaptación do currículo e non recarga o horario lectivo.

As actividades de reforzo tamén poderán levarse a cabo fóra da aula cando se considere oportuno e serán coordinadas polo mestre titor/a, que será o que determina os contidos concretos a reforzar en cada unha das áreas que sexan necesarias.

### 6.3. ACTUACIÓNS CONCRETAS CO ALUMNADO REPETIDOR. FASES.

#### ➤ **Fase diagnóstica: (mes de xuño)**

Na última sesión de avaliación de cada nivel e dentro do proceso de ensino aprendizaxe, o profesorado titor, atendendo ao exposto sobre Promoción na Orde de Avaliación en Educación Primaria (Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia), adoptará as decisións sobre a permanencia ou non no mesmo nivel do seu alumnado.

A partir deste momento, os titores/as decidirán o alumnado que, por presentar dificultades e problemas na aprendizaxe, vai permanecer un curso adicional

nalgún dos niveis da etapa. A orientadora escolar, avaliará as posibles causas do atraso escolar e deseñará conxuntamente co titor/a, un Plan Individualizado de Mellora das Aprendizaxes, dentro da súa aula ordinaria.

O Plan Individualizado de Mellora das Aprendizaxes é un documento no cal queda recollida toda a información relevante de cada un dos alumnos/as, que participan no programa, co fin de sistematizar o seu seguimento.

➤ **Fase de Inicio: ( setembro - outubro)**

Nesta fase o profesorado titor e os mestres/as que interveñen na aula, coordinados pola orientadora escolar, iniciarán a aplicación do Plan Individual da Mellora das Aprendizaxes para cada alumno, en función das necesidades que presente, non só académicas, senón tamén emocionais, sociais ou doutra índole. Deberán ter en conta algúns dos problemas máis comúns aos que se enfrenta este alumnado:

- Escasa capacidade receptiva e memorística.
- Falta de interese por aprender co conseguinte aburrimiento.
- Falta de clima ou ambiente de estudo na casa, o que repercute negativamente na motivación.
- Pouco sentido da responsabilidade.
- Non sabe estudar; nin ten hábito.
- Non aproveita o tempo nin sabe organizarse.
- Problemas co desenvolvemento das competencias clave.
- Deficiencias emocionais.
- Falta de habilidades sociais.
- Incumprimento das normas.

- Pouca axuda na casa e problemas familiares.
- Poucos estímulos culturais.
- Poucas actividades educativas para o tempo de ocio.
- Moitas horas sos na casa debido ao traballo dos pais.

Partindo das reflexións establecidas na Fase Diagnóstica, planificaranse as actuacións e recursos ordinarios para a atención do alumnado que participa no devandito programa.

Establecerase unha entrevista inicial coa familia na que asumirán un compromiso de colaboración.

➤ **Fase de seguimento: (resto do curso)**

Os titores/as levarán á práctica estratexias organizativas e de funcionamento de traballo coordinado segundo o Plan Individual da Mellora das Aprendizaxes establecido para cada alumno/a, tendo en conta os diferentes recursos (espazos, tempos, profesionais participantes) que serán necesarios co fin de alcanzar o éxito escolar. As actuacións que se realicen seguindo este programa han de estar integradas na programación docente:

1.- Farase especial énfase en actividades que permitan adquirir as habilidades de lectura comprensiva, expresión escrita e oral, conceptos e operacións matemáticas básicas e resolución de problemas, reforzando a expresión escrita e lectora en todas as áreas do currículo.

2.- Traballarase na clase de modo organizado buscando aquelas actividades que conduzan á adquisición de hábitos de traballo e estudo, incidindo no empeño de conseguir os propósitos e valorar o seu esforzo educativo.

3.-Durante o horario escolar e nas horas dedicadas ás áreas instrumentais, realizaranse as actividades programadas para a consolidación dos coñecementos esenciais

lingüísticos e matemáticos, graduando a súa dificultade en función do grao de adquisición das competencias clave.

Durante esta fase de traballo diario dentro da aula levará a cabo un seguimento personalizado de cada alumno/a para comprobar a efectividade das estratexias planificadas ou a recondución no seu caso, das mesmas.

Para a efectiva organización das experiencias que darán lugar á adquisición das competencias clave deberá contar con tres criterios básicos:

- A continuidade: os mesmos tipos de aprendizaxe repetiránse en forma continuada para conseguir o seu afianzamento. Este é o caso do hábito lector e operacións matemáticas.
- Secuencia: a importancia de construír unha nova experiencia sobre o aprendido e pasar a un grao maior garante a adquisición de niveis cada vez máis complexos de habilidades.
- A integración: o último paso, que dá lugar á unificación de criterios e comportamentos aprendidos polo alumnado na clase.

Mensualmente nas reunións ordinarias do equipo de nivel correspondente realizarase un seguimento do grao de consecución do Plan Individual de Mellora da Aprendizaxes e incorporaranse cantas modificacións e melloras se consideren oportunas.

As decisións destas revisións do grao de cumprimento do Plan e das modificacións incorporadas, deberán quedar reflectidas dentro do apartado correspondente ao seguimento do Plan.

#### ➤ **Fase final ou avaliación: (maio - xuño)**

Os indicadores da valoración construíranse tendo en conta polo menos os seguintes aspectos:

1. - Progreso nos resultados das avaliacións: número de áreas con cualificación global positiva conseguidos polo alumno con respecto á avaliación do curso anterior.
2. - Progreso na avaliación no apartado de actitude: número de áreas con

cualificación positiva.

3. - Autoestima e confianza en si mesmo.

4. - Relación do alumnado e as súas familias co centro e cos profesores.

5. - Integración social, relacións cos compañeiros.

### ➤ **Fase de revisión ( primeiro trimestre curso seguinte)**

Para coñecer a eficacia do programa farase o seguimento do alumnado no curso seguinte. No caso de 6º de Educación Primaria chegaranse os resultados das actuacións do programa ao informe de aprendizaxe para que no centro de Educación Secundaria Obrigatoria poida continuar a súa aprendizaxe sen dificultades.

## 7.- RECURSOS HUMANOS, MATERIAIS E ESPACIAIS.

Se queremos que os nosos alumnos desenvolver as súas capacidades debemos contar no centro escolar con recursos, estratexias e espazos que favorezan as aprendizaxes autónomas e activas.

### 7.1.- RECURSOS HUMANOS:

- Titor/a.
- Profesorado con horario dispoñible.
- Mestra de Audición e Linguaxe.

### 7.2.- RECURSOS MATERIAIS:

- Material de aula.
- Cadernos de reforzo e ampliación.
- Equipos informáticos con conexión a internet.
- Tablet.
- EDI.
- Material audiovisual.
- Material de PT/AL.

### \* PARA A AVALIACIÓN:

- a) Curriculares.



Para coñecer a competencia curricular dos alumnos/as empregaremos diferentes técnicas e instrumentos:

- 1- Técnicas de observación. Mediante esta técnicas obtense información sobre a conduta e o comportamento. Pódense empregar escalas e/ou listas de control para recoller os datos de forma máis sistemática. Tamén se poden empregar anecdotarios para recoller acontecementos que non fosen previsibles. Un instrumento a empregar é analizar son os cadernos de clase dos alumnos/as.
- 2- Técnicas de probas. A información obtense mediante o resultado dunha tarefa realizada polo alumno/a.

b) Técnicas de estudio.

Serven para crear e mellorar os hábitos de estudio.

### 7.3.- RECURSOS ESPACIAIS

- Aula de referencia do alumnado.
- Aula de apoio.
- Aula de informática.
- Biblioteca do centro.
- Aula con Kit Abalar.

### 8.- AVALIACIÓN

A súa finalidade principal é obter a información que permita adecuar o proceso de ensinanza ao progreso real na construción de aprendizaxes dos alumnos/as.

A avaliación levarase a cabo tendo en conta os obxectivos educativos así como os criterios de avaliación establecidos no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

#### 8.1. ÁMBITO DE AVALIACIÓN

##### 8.1.1. Alumnado:

Avaliarase a adquisición das competencias clave, especialmente as que fan referencia a:

- A competencia en comunicación lingüística.
- A competencia matemática.
- A competencia para aprender a aprender.

#### 8.1.2. Profesorado

- Nivel de participación no desenvolvemento do Plan de Reforzo.
- Grao de satisfacción co Plan de Reforzo.

#### 8.1.3. Aplicación do plan de reforzo individual

##### a) Nivel de consecución de obxectivos

- Axuste do Plan de Reforzo ás competencias do alumno.

##### b) Nivel de execución das actividades realizadas

- Valoración das actividades, tendo en conta se foron motivadoras, novidosas, adecuadas ao nivel do alumno, útiles e posibilitadoras doutras actividades.

##### c) Nivel de aproveitamento de recursos materiais e organizativos

- Valoración do uso dos materiais utilizados.

### 8.2. TIPOS DE AVALIACIÓN

A avaliación do Plan de Reforzo debe realizarse durante toda a aplicación do mesmo.

#### 8.2.1. Inmediata

De forma inmediata e tras a realización de cada actividade.

#### 8.2.2. Trimestral

Unha vez ao trimestre, na CCP farase o seguimento do Plan de Reforzo valorando aspectos como: o grao de consecución de obxectivos, os alumnos dados de alta, os alumnos dados de baixa por superación de obxectivos e as

propostas de mellora para o próximo trimestre.

### 8.2.3. Final

Por niveis, os titores, valorarán o Plan Reforzo e realizarán as propostas de mellora que consideren necesarias para o próximo curso escolar. Esta avaliación será crítica e construtiva dos obxectivos planificados e das actividades realizadas, para conseguir que cada curso escolar podamos mellorar.

De forma global, ao rematar o curso escolar, na memoria de final de curso, realizarase unha valoración en canto a:

- A consecución dos obxectivos propostos.
- Os avances do alumnado.
- As actividades levadas a cabo no Plan de Reforzo.
- Grao de implicación dos compoñentes da Comunidade educativa (familia e docentes).
- O aproveitamento dos recursos do centro.
- Propostas de mellora para o seguinte curso escolar.

### 8.3. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos de avaliación serán:

- Fichas de seguimento das actividades realizadas.
- Avaliación individual por parte do titor.
- Avaliación individual por parte do dos responsables do apoio directo.
- Conclusións das revisións trimestrais realizadas pola CCP.
- Informe de final de curso realizado por niveis.

### 8.4. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación apóiase na recollida continua de información. Os procedementos pertinentes para realizala debería ter algunhas características como:

- Ser moi variados.
- Dar información concreta dos que se pretende avaliar sen introducir variables que distorsionen os datos que se obterían coa súa aplicación.
- Ser aplicables en situacións máis ou menos estruturadas da actividade escolar.

#### 8.5. SEGUIMIENTO E PROPOSTAS DE MELLORA

O Plan de Reforzo será revisado e actualizado anualmente. A xefa do Departamento de Orientación será a responsable de garantir unha aplicación correcta.

Entre as súas funcións destacamos:

- Efectuar o seguimento da posta en práctica do Plan Reforzo e todas aquelas accións encamiñadas a que o alumnado desenvolver e potencie o seu as súas competencias básicas.
- Canalizar as iniciativas de todos os sectores da Comunidade educativa encamiñadas a mellorar esta medida educativa.